

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPPI DOS DICES

CURSO: 1º ESO

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DATA: 18/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

### Escribe un texto instrutivo da vida cotiá.

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>			
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias	Consecución mínima
B1.1. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía	LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	CCL, CAA	Segue instrucións sinxelas para realizar unha tarefa.
B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. Resume o contido dun cómic cubrindo un esquema.	CCL, CAA	Realiza, seguindo unhas pautas, un esquema coa información máis relevante do texto.
B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.	CCL, CAA	Busca nun dicionario impreso ou dixital palabras destacadas na lectura e explica o seu significado.
B.2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.	CCL, CAA, CD	Procura eficazmente información complementaria en Internet.

<p>B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.</p>	<p>LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.</p>	<p>CCL CAA CD CSC</p>	<p>Utiliza a información obtida a través de Internet para realizar tarefas de investigación e tirar conclusións.</p>
<p>B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.</p>	<p>LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.</p>	<p>CCL</p>	<p>Le con dicción entoación e ritmo adecuados.</p>
<p>B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente</p>	<p>LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</p>	<p>CCL CD</p>	<p>Revisa os seus textos.</p>
<p>B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.</p>	<p>LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.</p>	<p>CCL CD CSC</p>	<p>Escribe un texto instrutivo da vida cotiá.</p>

<p>B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</p>	<p>LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</p>	<p>CCL</p>	<p>Emprega adecuadamente as grafías h, b/v, cc, ct, z/c/qu adecuadamente para o seu nivel.</p>
<p>B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</p>	<p>LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</p>	<p>CCL CCE C</p>	<p>Constrúe unha banda deseñada de temática libre seguindo unhas pautas.</p>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p>Producións de textos orais de distinta tipoloxía.</p> <p>Producións de textos escritos de distinta tipoloxía.</p> <p>Lectura cotiáns, académicos e literarios.</p> <p>Probas específicas orais e/ou escritas.</p> <p>Entrevistas por videochamada.</p> <p>Observación directa do traballo cotián.</p> <p>Traballos monográficos.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Diario da profesora</p> <p>Rexistro de seguimento do caderno do alumnado.</p> <p>Revisión da presentación de textos orais e escritos.</p> <p>Corrección de probas específicas orais e escritas de distinto tipo (de desenvolvemento, relación, ordenación, comentario etc.).</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>O alumnado terá superada a materia cando a media das dúas primeiras avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos. Poderá terse en conta o traballo de consolidación, repaso e ampliación, de acordo cos estándares imprescindibles recollidos nesta modificación, sempre como unha mellora desa cualificación. Cando a media das dúas primeiras avaliacións sexa inferior a 5, o alumnado deberá realizar tarefas de recuperación durante o período de clases non presenciais.</p>

<p align="center"><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderá realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de acordo co calendario e horario fixado polo centro. Esta proba escrita, será elaborada de acordo cos estándares imprescindibles, será cualificada de 1 a 10 puntos e representará o 100% da cualificación. O alumnado que non fose avaliado positivamente de ningunha proba de lectura deberá realizar o exame da lectura proposta para esta convocatoria e que se acordará coa profesora no mes de xuño. Neste caso a proba escrita terá unha ponderación de 9 puntos e a lectura de 1 punto, sendo preciso para superar a materia que a cualificación do apartado da lectura sexa superior a 0. Esta proba poderá ser substituída por unha proba en liña (no caso de ser posible) ou pola presentación de traballos escritos de acordo cos estándares imprescindibles recollidos neste documento.</p>
<p align="center"><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p>Criterios de avaliación: Non procede neste curso.</p> <hr/> <p>Criterios de cualificación: _</p> <hr/> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: _</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Realización de fichas de reforzo das unidades completadas ata a suspensión das clases presenciais.</p> <p>Realización de fichas de ampliación de carácter voluntario de cada unidade completada durante o primeiro e segundo trimestre.</p> <p>Realización de traballos de recuperación para o alumnado con avaliación negativa na primeira e/ou segunda avaliación.</p> <p>Actividades de interacción oral nas clases en liña.</p> <p>Realización de traballos escritos focalizados nas propiedades textuais.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Co alumnado con conectividade procurarase replicar, malia todas as limitacións que as circunstancias impoñen, a metodoloxía empregada durante as clases presenciais. Deste xeito, tentaremos facilitar e estimular a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e a adquisición de competencias clave por medio dunha metodoloxía activa e o traballo colaborativo. O alumnado tivo á súa disposición o material electrónico do que xa gozaba antes da suspensión das clases presenciais, e este será a base do traballo durante este terceiro trimestre.</p> <p>Co alumnado sen conectividade procurarase o envío do material a través doutros medios, coma os servizos sociais do concello de Rois.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libro electrónico edixgal</p> <p>Plataforma de lectura galiciale</p> <p>Videochamadas a través de whatsapp.</p> <p>Clases en liña a través de webex (Google Meet no caso dunha alumna).</p> <p>Ligazóns a materiais audiovisuais.</p>



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Tanto o alumnado coma as familias, xa están sendo informadas no momento de modificación desta programación didáctica polos seguintes medios: Abalar móbil. Mensaxería de Edixgal. Google Classroom. Correo electrónico. Teléfono. Mensaxería instantánea.
<b>Publicidade</b>	Páxina web do centro.